

O COMITÉ DE ÉTICA ASISTENCIAL DA ÁREA SANITARIA DE SANTIAGO E BARBANZA ABRE A CONVOCATORIA PARA A RENOVACIÓN DOS SEUS MEMBROS

13 10 2021

Santiago, 13 de outubro de 2021.- O Comité de Ética Asistencial da Área Sanitaria de Santiago e Barbanza abre a convocatoria para a renovación de sete dos seus membros.

O Comité de Ética Asistencial é un órgano de asesoramento, consultivo e interdisciplinario, ao servizo dos profesionais ~~en diversos~~ dos centros sanitarios que integran a Área sanitaria de Santiago de Compostela e Barbanza. Pretende ser elemento facilitador e cohesivo para a resolución dos conflictos éthicos que pode presentar a actividad asistencial. A súa finalidade inmediata é a mellora da calidade da asistencia sanitaria dende a dimensión étnica da práctica. Os seus fins serán sempre de interese xeral.

A composición do Comité é interdisciplinaria e procúrase que nel estea representada a diversidade de sensibilidades propia do entorno socio-hospitalario. É por iso que a integración no Comité está aberta a todos os profesionais do Servizo Galego de Saúde que traballen na área, pero tamén a cidadáns preocupados e interesados pola mellora da asistencia sanitaria.

Para formar parte do CEA é deseable ter formación en ética, pero tamén mostrar unha actitude favorable ao diálogo e a colaboración, que facilite a construcción de vías de actuación enmarcadas nos principais valores que, como sociedade, desexamos que rexan o noso sistema público de saúde.

Formar parte do Comité non ten contraprestación económica e require dun compromiso de tempo e de traballo. A actividad ordinaria inclúe unha reunión mensual no CHUS (de 8:30h a 11h), instrución de casos, elaboración de informes e reunións extraordinarias. Trátase dun traballo comparativo entre os integrantes.

A presentación a esta convocatoria debe ser a título individual, nunca en representación de ningunha asociación ou colectivo.

Quen desexe participar na actividad deste Comité pode solicitalo mediante un correo electrónico dirixido á presidencia ~~do Comité~~ (cea.santiago@sergas.es) no que conste:

Na liña Asunto: Convocatoria Comité de Ética Asistencial

No texto da mensaxe de correo deberás incluir:

Nome e Apelidos:

Idade:

Profesión:

Centro de Traballo:

Estudos realizados:

Formación específica en ética asistencial e/ou bioética:

Dirección de correo electrónico:

Teléfono:

Lugar de residencia:

É imprescindible que engada unha breve exposición da motivación para presentarse:

O prazo de solicitude finaliza o 31 de outubro de 2021.

A selección de solicitantes será realizada polo propio Comité atendendo a criterios de cualificación e experiencia, formación en bioética, representación equilibrada de áreas asistenciais en maior risco de conflicto étnico, e presenza de persoas non integradas laboralmente na institución.

Saúdos,